

EMPRESA

Aberto o prazo para inscribirse no Rexistro Galego de Comercio P3

COMARCA

Problemas co financiamento municipal ó non entregar contas en prazo P12

LE CER

Varios pilotos internacionais participarán no III Rali de Históricos P8

ENTREVISTA



Sabela Santín, Perruquería Santín&Amo

“Prefiro ter menos clientes e darlle atención personalizada” P23

Melide culminará a tempada de festas co San Caralampio

Melide celebrará o próximo 11 de setembro unha das festas máis agardadas polos seus veciños e os de toda a comarca, o San Caralampio. Este ano chega á súa edición número 65, con música de charangas e gaiteiros, degustación de pementos, mexilóns e cachelos, que farán que a Zona dos Viños estea ategada de xente. O santo máis trouleiro pon final á tempada de festas, na que unha das máis multitudinarias foi o San Roque. P16



Retiran 600 quilos de lixo do curso fluvial do Furelos




A Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide retirou máis de media tonelada de lixo do cauce do río, no marco das VII xornadas de limpeza. P8

O II Encontro de Bolillos celebrárase o 8 de outubro



As palilleiras da Asociación Catasol organizan a segunda edición desta cita, na que agardan superar as máis de 260 participantes do primeiro certame. P10



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@leleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Máis educación e civismo

O verán deixounos varias imaxes certamente preocupantes en Melide. É difícil poñer adxectivos ás desfeitas ocasionadas por certos individuos que acuden sábado tras sábado a “gozar” da coñecida movida melidense. E dicimos gozar entre comiñas porque non se entende como alguén pode ser capaz de adicarse a destrozar mobiliario urbano ou outros obxectos instalados en propiedades privadas cando o obxectivo co que sae da casa é o de pasar unhas horas de entretemento e diversión.

Primeiro foron dúas columnas de pedra que estaban instaladas nun porche dunha casa en construción. A imaxe, impactante, veuse en varios medios de comunicación. Logo chegou o derrube dun muro na rúa Galicia, en pleno centro melidense e durante as festas do San Roque. A desfeita -na fotografía- aínda se pode ver a día de hoxe e, seguramente, que o muro seguirá así durante varios días, semanas ou meses máis, co conseguinte perigo para calquera viandante. Á negativa imaxe do muro desfeito, hai que engadir todo o lixo que se acumula na finca.

Días máis tarde, rematado o San Roque, alguén decidiu forzar a porta dunha casa próxima á concurrida zona dos pubs e plantar lume a un contenedor do lixo xusto á súa beira. A rápida actuación do propietario da casa, que foi avisado por un viandante, evitou que ocorrera algo máis grave, xa que xusto ó lado estaban apar-



cados varios coches.

Feitos coma estes, sen contar os incidentes relacionados cos destrozos do mobiliario urbano, invitan a unha reflexión profunda sobre a sociedade que estamos a construír. Que tipo de persoas son as que atopan sentido a facer estes actos? Que educación recibiron os autores destes feitos? Está claro que parte da cidadanía precisa de máis educación e civismo para poder convivir en sociedade.

Por outra banda, onde estaban as forzas de seguridade para prever ou impedir todo isto? O que ocorreu deixa ben claro que Melide precisa dunha Policía Local e dunha Garda Civil en condicións. Duns corpos que sexan os verdadeiros garantes da seguridade dos nosos veciños e que traballen para resolver os problemas que impiden a pacífica convivencia día tras día. Sabemos que nestes

momentos ámbolos dous corpos están baixo mínimos, que dispoñen de poucos efectivos e que a vixilancia nocturna é escasa debido a esta situación. Para que non ocorran estes feitos é preciso contar con máis medios e que o seu traballo sexa eficiente. A crítica situación financeira que atravesamos o Concello non pode ser excusa para descoidar a seguridade cidadá. Melide non pode permitirse levantarse cada domingo chea de desfeitas “provocadas” pola movida. Está claro que non tódalas persoas que saen de marcha se adican a cometer estas atrocidades, pero a dimensión das que cometen uns poucos é preocupante.

Non poden volver repetirse os feitos que aconteceron neste mes de agosto, porque entre outras cousas, afectan á boa imaxe que Melide proxecta ao exterior.

Tribuna de opinión

O espírito inicial

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Os días 3 e 4 de setembro celebrouse a oitava edición de Mercamelide, a correspondente á tempada de verán.

Dende o Concello fan un balance exitoso desta convocatoria, pero o certo é que moitos dos comerciantes seguen a ver “frouxa” a feira de saldos de verán.

Precisamente, este ano, houbo algunhas novidades, entre as que destacou a presenza de varios stands expositores. Isto, unido ós rumores que afirmaban que asistirían firmas foráneas, fixo que algúns comerciantes trasladaran a súa lóxica molestia a Asetem.

En primeiro lugar, temos que ter claro que o Mercamelide naceu como unha feira de oportunidades na que os comerciantes melidenses expoñían os restos de tempada para darlles saída a prezos moi competitivos. O seu espírito inicial foi o dunha feira

feita por e para o comercio de Melide. Sabemos que a nova Lei de Comercio Interior de Galicia permite a presenza de expositores foráneos neste tipo de eventos, pero cremos que sería un erro.

Dende hai varios anos, a loita do comercio melidense céntrase en ofrecer a maior variedade de produtos e servizos para que os veciños da vila e da comarca non marchen mercar ás cidades máis próximas, coma Santiago, Lugo ou A Coruña, e menos ás grandes superficies comerciais.

Dende Asetem-Cca cremos que a inclusión de comerciantes e expositores foráneos no Mercamelide tiraría por terra o traballo e os esforzos do comercio local durante moitos anos.

O máis axeitado é que o sector debata todas estas cuestións para facer un Mercamelide o máis proveitoso para todos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide, Rafael Rodríguez Gaioso

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	6
-COMARCA.....	11
-CULTURA E LECER.....	16
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

O comercio local, satisfeito co cambio de data do Mercamelide de verán

O Concello cifra a asistencia en 22.000 persoas, contabilizadas por un sistema electrónico

Os pasados 3 e 4 de setembro celebrouse a edición estival de Mercamelide, no que supoñía a oitava celebración da feira de saldos. Como soe ser habitual, os comercios presentaron todo tipo de ofertas e descontos co fin de dar saída a produtos que tiñan en stock.

A diferenza do ano pasado, os comerciantes optaron por trasladar a cita a setembro e non celebrala no mes de agosto, algo que foi valorado positivamente polo sector despois da celebración da feira. “En agosto supón un sobre esforzo, porque xa se traballa moito debido á afluencia de xente na vila”, indican dende o sector. A maioría de comerciantes amosouse satisfeito co



Os postos de textil e calzado foron os máis visitados

cambio de data. Non obstante, aseguran que a edición estival “é máis frouxa que a de febreiro”.

Dende o Concello, o edil de Promoción Económica, Santos López, fai un balance positivo da convocatoria. “Conseguimos consolidar a feira nun momento de crise. Houbo máis stands que en anteriores edicións -un total de 29- e ampliamos a oferta de produtos, o que fai o Mercamelide máis interesante”.

López informou de que o sis-

tema electrónico que se estreou nesta edición para contabilizar ós asistentes, computou un total de 22.000 persoas.

Novidades

Esta oitava edición presentou varias novidades, entre elas a presenza de varios postos adicados á exposición e non ó comercio propiamente dito. “Temos que ofrecer actividades complementarias para facer a feira máis atractiva”, indicou o edil melidense.

Aberto o prazo para que os establecementos se inscriban no Rexistro Galego de Comercio

A Dirección Xeral de Comercio informou recentemente que está aberto o prazo para que os establecementos comerciais da comunidade se inscriban no Rexistro Galego de Comercio. Este novo ente foi creado no marco da Lei de Comercio Interior de Galicia.

A inscrición neste novo rexistro é voluntaria e gratuíta, non obstante, dende a Direc-

ción Xeral recalcaron que estar rexistrado é condición indispensable para optar a calquera das liñas de axuda da Xunta ou para participar en calquera dos programas que a Administración autonómica convoca para o sector.

Os propietarios das tendas deben facer a inscrición a través de Internet, na páxina <http://economiaeindustria.xunta.es>, entrando no portal da Dirección Xeral de Comercio e picando na pestana Rexistro Galego de Comercio. Alí deberán cubrir os documentos específicos para os establecementos comerciais. Polo de agora, non existe unha data límite para anotarse. Asetem-Cca tamén fará a súa correspondente inscrición como asociación.

Informan sobre as axudas do Igape en Asetem-Cca

Os técnicos expuxeron tres liñas destinadas á empresa e ó comercio



Á charla asistiron arredor de 60 persoas

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca), en colaboración coa Asociación de Comerciantes e Industriais de Palas de Rei, a Asociación de Empresarios e Comerciantes de Arzúa e Novacaixagalicia, organizou o pasado 1 de setembro unha charla informativa na que se aportou información sobre as distintas liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para empresarios e comerciantes.

A representante de Afigal (Afiandamentos de Galicia), Claudina Suárez, explicou que esta sociedade apoia ás pequenas e medianas empresas mediante a concesión de avais para obter financiación ante a banca. Ademais, expuxo pormenorizadamente as condicións do plan Re-Solve+, que conta con liñas de apoio a circulante, para refinanciamento de pasivos e para ampliación de capital. O prazo para a presentación de solicitudes na entidade bancaria remata o

vindeiro 15 de setembro.

Pola súa parte, Silvia Arias, técnica do Igape explicou os plans Re-Imaxina e Re-Brote. A misión dos institutos de promoción económica é subvencionar os tipos de interese das distintas operacións, para que os empresarios lles saia máis vantaxoso que negociar coa propia entidade financeira. O primeiro dos plans está destinada a financiar inversión, a través das liñas de microcréditos, Peme xove e Peme competitiva. O Re-Brote ten como obxectivo mellorar o acceso a circulante das empresas, dende un mínimo de 300.000 euros a 3,5 millóns de euros.

Reunión con Acipa e Aeca

A Xunta Directiva de Asetem-Cca reunirase con representantes de Acipa e Aeca o próximo xoves 8 de outubro. O obxectivo é valorar a posibilidade de desenvolver accións conxuntas entre as tres patronais para fortalecer o tecido empresarial e comercial.



Villamor.s.c

www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo
gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
Canton de San Roque, 8

Tel. y fax: 981 815 330
info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO

Grupo  CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

OFICINAS Y COMERCIOS

hasta el

TU SEGURO DE OFICINA O COMERCIO A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

40%

descuento

Axudas e subvencións

1. Proceso de Selección de Entidades Colaboradoras na xestión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para promover a sociedade da información no comercio retalista galego, se aproban as bases reguladoras de ditas subvencións e se procede á convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 164, do 29 de Agosto de 2011)

I. Selección de Entidades Colaboradoras.

Entidades Colaboradoras: Empresas privadas con personalidade xurídica e empresarios individuais, con sede ou centro de traballo en Galicia e acrediten requisitos de solvencia técnica, económica e de eficacia.

Non poderán acadar a condición de entidade colaboradora as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquer outra entidades en personalidade xurídica propia.

Prazo de solicitude de adhesión: Ata o 29 de Setembro de 2011.

As entidades colaboradoras seleccionadas deberán tramitar ante a Consellería as subvencións dos solicitantes, verificar que reúnen os requisitos de acceso, notificar aos beneficiarios a avaliación previa positiva das solicitudes, adiantar a contía destas subvencións, vender só os equipamentos que cumpran as condicións mínimas e dentro dos prezos máximos establecidos.

II. Subvencións para promover a sociedade da información no comercio retalista galego.

Beneficiarios: Comerciantes retalistas, persoas físicas ou xurídicas, comunidade de bens ou calquer outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica; con domicilio fiscal en Galicia e alta no IAE, nos epígrafes relacionados na axuda; con menos de 10 traballadores e menos de 150 m² de superficie comercial de exposición e venda (excepto para vendedores ambulantes ou mo-blerías)

Actuacións subvencionables:

- Modalidade A: Netbook, de custo máximo 400€ + IVE; Portatil, de custo máximo 650€ + IVE; Ordenador de Escritorio, de custo máximo 750€ + IVE.

- Modalidade B: Software de xestión comercial

e/ou almacén, de custe máximo 1.000€ + IVE; Soporte técnico, implantación in situ e formación, por un custo máximo de 400€ + IVE.

- Modalidade C: Paxina Web comercial, cun custe máximo de 1.000 € + IVE

- Modalidade D (periféricos e componentes): Lector de Código de Barras, cun custe máximo de 200€ + IVE; Caixón Portamoedas, cun custe máximo de 60€ + IVE; Impresora de Tickets, cun custe máximo de 230€ + IVE.

- Modalidade E: Paquete TPV integrado, cun custe máximo de 2.142,80€ + IVE. (Esta modalidade é excluínte coas modalidades A, B, C e D)

-Contía: 70% do investimento, máximo 1.500€ por beneficiario.

-Prazo de solicitudes: Dende o día seguinte da publicación no DOG da relación de entidades colaboradoras ata o 10 de Novembro de 2011.

2. REMATE DO PRAZO DE SOLICITUDE DAS SEGUINTE AXUDAS:

REMATAN O 15/09/2011:

- Programa RE-SOLVE + do IGAPE.

REMATAN O 30/09/2011, entre outras:

- Programa de incentivos para promover a afiliación á seguridade social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias. (DOG nº 61, do 28 de marzo de 2011)

- Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria. (DOG nº 63, do 30 de marzo de 2011)

- Programa de incentivos ás empresas cualificadas como Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBT). (DOG nº 63, do 30 de Marzo de 2011)

- Programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras. (DOG nº 61, do 28 de Marzo de 2011)

- Programa das Iniciativas Emprendedoras e de Emprego (I+E+E). (DOG nº 61, do 28 de marzo de 2011)

- Liñas do IGAPE de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva en Galicia (Programa Re-Imaxina). (DOG nº 119, do 22 de xuño de 2011)

- Programa para a promoción do emprego autónomo. (DOG nº 60, do 25 de marzo de 2011)

Fiscal e laboral

LEI DE ACTUALIZACIÓN, ADECUACIÓN E MODERNIZACIÓN DO SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL. (PARTE II) (BOE 184, do 2 de Agosto de 2011)

AMPLIACIÓN DA COBERTURA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS

Con efectos do 1 de Xaneiro de 2013, os traballadores que causen alta calquera réxime da Seguridade Social, deberá suscribir obrigatoriamente a protección por continxencias profesionais (accidente de traballo e enfermidades profesionais); que para certos réximes, como o de Autónomos, era voluntaria. Isto suporá un incremento na contía da cotización que variará en función do risco da actividade.

COMPLEMENTARIEDADE DE INGRESOS COA PENSIÓN DE XUBILACIÓN

O percibo da pensión de xubilación será compatible coa realización de traballo por conta propia cuxos ingresos anuais totais non superen o SMI en cómputo anual. Quenes realicen estas actividades non estarán obrigados a cotizar polas prestacións da Seguridade Social; se ben, tampouco xerarán novos dereitos sobre as prestacións da Seguridade Social.

Asimesmo, o Goberno estudia un proxecto de ley que regule a compatibilidade entre pensión e traballo, garantizando o relevo xeracional e a prolongación da vida laboral.

MEDIDAS URXENTES PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO DE XÓVENES, FOMENTO DA ESTABILIDADE NO EMPREGO E MANTEMENTO DO PROGRAMA DE RECUALIFICACIÓN PROFESIONAL

(BOE 208, do 30 de Agosto de 2011)

CONTRATO PARA LA FORMACIÓN

Poderase celebrar con traballadores maiores de 16 anos e menores de 25 anos que carezan da cualificación profesional requirida para concertar un contrato en prácticas.

A duración mínima do contrato será de 1 ano e máximo de 2 anos.

As empresas que ata o 31/12/2013, celebren contratos para a formación con desempregados maiores de 20 anos inscritos na oficina de emprego con anterioridade ó 16/08/2011, terán dereito durante a vixencia do contrato a unha redución de cotización do 100% (empresas de menos de 250 traballadores) ou do 75% para o resto. Para ter dereito a esta redución, o contrato deberá supoñer un incremento da plantilla da empresa.

As empresas que a súa finalización, transformen estes contratos en indefinidos, terán dereito a unha redución da cuota empresarial a la Seg. Social de 1.500 €/ano durante 3 anos. (1.800 €/ano mulleres); sempre que a transformación supoña un incremento do nivel de emprego fixo na empresa.

Os contratos para a formación celebrados antes da entrada en vigor desta norma, rexiranse pola normativa legal e convencional vixente na data en que se celebraron.

Transitoriamente, ata o 31 de Decembro de 2013, o contrato para a formación e aprendizaxe poderase celebrar tamén con traballadores que, carecendo de cualificación profesional, sexan maiores de 25 anos e menores de 30 anos.

SUSPENSIÓN TEMPORAL DA APLICACIÓN DO ART. 15.5 DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES (ENCADENACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS)

Durante os 2 anos seguintes a esta norma, suspendese a aplicación no disposto no artigo 15.5 do E.T., que di que os traballadores que nun período de trinta meses estiveran contratados durante un prazo superior a vintecatro meses, para o mesmo ou diferente posto de traballo ca mesma empresa ou grupo de empresas, mediante dous ou máis contratos temporais, adquirirán a condición de traballadores fixos.



CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S S.L.

Avenida de Lugo nº 60, entreplanta B

C.P. 27200 Palas de Rei-Lugo

Teléfono 982 380 411

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S

oficina técnica

EDIFICACIÓN S SEN LICENZA

Con motivo da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG 31 de marzo de 2010 e no DOG de 11 de maio de 2011) de modificación da Lei 9/2001 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre **edificación s sen licenza**, infórmase:

Está aberto o prazo para solicitar do seu Concello o certificado de declaración municipal de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Póden acollerse a dita Lei, todas as edificación s (vivendas, industrias, edificación s agrarias) que carecen de licenza municipal e foran rematadas antes do 1 de xaneiro de 2003, presentando no Concello a documentación esixida pola Lei.

Coa obtención do devandito certificado, poderanse iniciar os trámites para inscribir a edificación no Rexistro da Propiedade e así incorporala definitivamente ao patrimonio do seu titular.

CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S, empresa especializada na redacción de todo tipo de proxectos **técnicos**, realiza os trámites precisos para que os propietarios poidan solicitar e tramitar ante os concellos respectivos a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Con esta circular infórmase a todos os propietarios de edificación s que de estar interesado poden poñerse en contacto con nos, nas oficinas de **CARTOGRAFÍA E MEDICIÓN S** en:



OFICINAS EN PALAS DE REI

Avda. de Lugo nº 60, entrechán B

Teléfonos 982-380411 e 982-380149

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

OFICINAS EN MELIDE

Rúa Irmáns Garceiras nº 3, baixo

Teléfono 981-505781

e-mail: cem@cartografia.e.telefonica.net

San Roque de multitudes con sabor a pasado

A actuación da Sinfónica foi moi ben acollida polo público

A semana grande saldouse con varios incidentes durante as noites de marcha

Melide celebrou as súas festas grandes entre multitude de veciños e visitantes que quixeron gozar das diversas actividades de ocio que a vila ofertou durante unha semana enteira.

O pistoletazo para o inicio das festas púxoo a actuación da Orquestra Sinfónica de Melide, que co seu espectáculo 'Gala Americana', cautivou ó público. A Praza do Convento estaba ategada de xente que non quixo perder o tan comentado regreso da formación musical ás festas melidenses,



A Orquestra Sinfónica de Melide reuniu a centos de persoas na Praza do Convento



Orquestras como a París de Noia foron outro dos atractivos das festas do San Roque



Os nenos gozaron nas atraccións de feira e coas actividades organizadas no Día do Neno



Varias persoas derrubaron un muro de bloques na rúa Galicia, en pleno centro de Melide

despois de catro anos sen actuación no San Roque.

O bo tempo acompañou ó longo de toda a semana festiva, o que tamén foi propicio para que se achegaran máis visitantes, que viñeron atraídos polas actuacións das diversas orquestras que completaron un cartel no que estaban presentes as formacións máis recoñecidas do panorama musical galego.

Os cativos tamén tiveron actividades deseñadas especialmente para eles no Día do Neno, que supuxo o punto e final das festas.

Hostaleiros e comerciantes están satisfeitos cos resultados obtidos neste San Roque, aínda que aseguran que "non se pode comparar ás festas de hai uns anos, antes da crise".

O punto negativo da semana festiva puxérono os diversos incidentes rexistrados durante as noites de movida. Entre os máis graves, o derrube dun muro na rúa Galicia e a queima dun contenedor do lixo á beira dunha casa en Rosalía de Castro.

Psicotécnico Santa Ana



Canton de San Roque, 9-1ºD
Tfno. y fax 981 50 50 75
Melide (A Coruña)



Al hacer el psicotécnico le tramitamos la renovación de su carnet ante la jefatura de tráfico

GRATIS

Certificados Psicotécnicos:

Conducir (toda España)
Armas
Guardia forestal
Seguridad privada
Perros peligrosos
Buceo y otros
Chequeos médicos
Certificados médicos
Medicina en general

Stop: tradición e calidade en almorzos e tapas

Os petiscos de orella, zorza e chipiróns son as especialidades desta cafetería

Despois de adquirir experiencia no sector da hostalería, Jorge Santiso Pérez decidiu aproveitar a oportunidade de poñerse á fronte da Cafetería Stop, ubicada na esquina da rúa Cátedra con San Antonio, no casco vello melidense.

Abriu as portas o 5 de maio do 2010 e, dende aquela, non deixou de colleitar éxitos no seu negocio. “Estamos funcionando ben, a xente respondeu ben e xa temos unha clientela moi boa”. Aínda así, Jorge cre que a cousa mellorará “unha vez que pase o tempo suficiente para que poida demostrar a miña forma de traballar”. Asegura que se precisa bastante tempo para levar a cabo a liña de traballo que



Jorge Santiso coida cada detalle na atención aos seus clientes

tiña plantexada para o negocio. Non obstante, ten moi claro o obxectivo co que o abriu: “quero ofrecer produtos de calidade e tradicionais, a prezos razoables”.

Especialidades

A cafetería Stop está especiali-

zada en almorzos e tapas. Dende as 6.00 da mañá en horario de verán, e a partir das 7.00 no inverno, o local convértese nun ir e vir de xente atraída polos completos almorzos que se serven neste recuncho próximo á Praza do Convento. Tostadas de pan ar-

tesán con marmelada, croissants que coce o propio Jorge e galletas, acompañan a un exquisito café con leite e unha pequena dose de zume de laranxa. Jorge confirma o éxito dos almorzos. “Funcionan moi ben, tanto entre os peregrinos coma entre os veciños da vila”.

Outra das especialidades da casa son as tapas, todas elaboradas “ao estilo Stop”. Jorge fai referencia ao alcume que ten o local. “Esta sempre foi ‘a casa do picante’. Agora non se gasta tanto coma antes, pero é de moi boa calidade”.

Chipiróns e choquiños á prancha, orella con picante e zorza son as tapas de referencia neste local, no que poden verse fotos do Melide antigo. A orella picante, que se serve cada venres, foi a gañadora do segundo concurso ‘Melide de tapas’ -organizado por Ase-tem-Cca- que se celebrou durante tódalas fins de semana do pasado mes de xuño.

Ademais destes petiscos, o Stop tamén ofrece unha ampla variedade en bocadillos. Dende os tradicionais de lomo, xamón ou bacon con queixo ata os máis lixeiros coma o de atún con tomate.

Para o futuro, Jorge ten pensado aumentar a súa carta de almorzos, que de seguro terán o mesmo éxito que o colleitado ata o de agora.

Cafetería STOP

Rúa Cátedra, 1 - Esquina San Antonio
15800 - MELIDE

Especialidades en:
Desayunos
Tapas
Bocadillos



O III rali de históricos contará con varios pilotos internacionais

A organización agarda unha inscrición de 70 pilotos

A proba ten dous novos tramos e pasará tamén por Agolada e Palas

Por terceiro ano consecutivo, as estradas da Terra de Melide converteranse no epicentro no mundo dos coches históricos durante a fin de semana do 16 e 17 de setembro, coa celebración do Rali de Galicia Histórico Terra de Melide-Camiño de Santiago.

A proba -organizada pola escudería local Melide MotorSport- será puntuable para o campionato de España de coches históricos nas modalidades de velocidade e regularidade. Será a quinta carreira do campionato e dende a organización agardan a presenza duns 70 pilotos. O prazo de inscrición péchase o 9 de setembro.

O prestixio deste rali vai en aumento ano tras ano, e nesta edición espérase a participación de condutores internacionais. Correrán dous pilotos belgas, preparadores de vehículos clásicos, e é posible a presenza de pilotos portugueses, segundo confirma Javier



Jesús Ferreiro foi o gañador do II Rali de Galicia de Históricos

Anido, membro da escudería organizadora. “A proba terá un marcado carácter internacional”, afirma Anido. Ademais está confirmada a presenza de Santiago Cañizares (ex porteiro de fútbol) e Toño Sáinz (irmán de Carlos Sáinz), que xa participaran na anterior edición. “Moitos pilotos do resto de España animáronse a vir polo bo traballo que estamos a facer”, indica Anido, que recorda que fan promoción do rali melidense en tódolas carreiras nas que participan co equipo capitaneado polo piloto Jesús Ferreiro.

Novos tramos

O sábado 17 disputarase a competición, con percorridos polos catro concellos da comarca e tamén por terras de Palas de Rei e Agolada. Cambiáronse dous dos catro tramos: o de Santiso, que se fará “en sentido inverso, por inno-

var e porque coincidía coas obras da estrada Melide-Vi-santoña” e introdúcese un novo en Ramil. “Puxemos este tramo pola mañá porque é curto e ten un firme bo, para que non romperan moitos coches”, indica Anido. A pesar dos cambios, asegura que o rali mantén o seu espírito inicial, “con tramos pequenos, fáciles de recoñecer e moi cerca uns dos outros”.

O primeiro tramo, cuxa primeira pasada comeza ás 8.58 horas será o de Toques. Logo disputarase o de Ramil (10.11 horas) e, xa pola tarde, os de Sobrado (15.07 horas) e Santiso (15.50 horas).

Ó igual que na pasada edición, o venres pola noite disputarase un circuito urbano polas rúas melidenses, partindo dende a rúa Agüeiros, pasando pola Cooperativa Melisanto, o Polideportivo, o IES e con meta no Colexio Nº1.

Retiran uns 600 quilos de lixo nas xornadas de limpeza do río Furelos



Os troiteiros retiraron varias pranchas de metal do río



En dous días de limpeza xuntaron 600 quilos de refugallo

Por sétimo ano consecutivo, a Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide levou a cabo as xornadas de limpeza. Nesta edición, a falta dun día de traballo, lévanse retirado uns 600 quilos de lixo.

Os voluntarios recolleron do cauce do Furelos unha porta dun coche, televisores, pranchas metálicas, plásticos e latas. O achado máis impactante foi o de varios sacos con

animais mortos que foron tirados ó río para afogalos.

Dende o colectivo de troiteiros aseguran que a cantidade de lixo retirada é “manifestamente inferior á de anos anteriores, o que significa que unha nova mentalidade baseada no respecto e coidado do río se vai abrindo camiño”.

O día 9 de finalizarán as xornadas, coa limpeza dos accesos ao río no tramo acoutado.

Melide vibrou co fútbol sala ao longo do mes de agosto

O fútbol sala é un dos deportes con máis seareiros en Melide. Demóstrao a celebración do torneo ‘Concello de Melide’ ao longo de todo o mes de agosto, no que participaron un total de 25 equipos. O conxunto gañador foi Cafetería Pedrito, que se impuxo ao Big-Ben, nun partido seguido por ducias de persoas.

Os dous grandes equipos do fútbol sala galego, o Lobelle de Santiago e o Azkar de Lugo, enfrontáronse nun encontro -gañaron os lucenses-, que foi o prato forte da xornada de presentación da nova plantilla do Melide Fútbol Sala.



Equipo gañador do torneo ‘Concello de Melide’



Momento da presentación do Melide Fútbol Sala

Servicio de Traumatología



KONICA MINOLTA



NUESTRO SERVICIO DE TRAUMATOLOGÍA DISPONE DEL EQUIPAMIENTO Y TECNOLOGÍA QUE GARANTIZAN UNA ASISTENCIA ESPECÍFICA A CADA PACIENTE.

SIEMENS



Diagnóstico y tratamiento de patologías:

- Musculoesqueléticas: músculos, tendones, ligamentos, articulaciones y huesos.
- Relacionadas con la columna vertebral, hernia discal.

Cita previa:
Tel: 981 506 228



- Medicina general: adultos e infantil
- Análisis clínicos
- RX y ecografía
- Enfermería / ATS
- Reconocimiento médico laboral para empresas y autónomos
- Concierto con: Cías. de seguros, médicos privados y mutuas laborales
- Valoración de accidentes / Daño corporal
- Psicotécnico para conductores CRC 0108

ESPECIALIDADES:

Urología • Ginecología • Podología • Psicología
Fisioterapia y osteopatía • Traumatología

HORARIO:

De lunes a viernes: de 9:00 a 14:00 h. y de 16:00 a 21:00 h.
Sábados y domingos: de 10:00 a 13:00 h.



Titular médico: Dr. ÁNGEL RIVEIRO PÉREZ

**Praza das Universidades, 5 bajo
15800 Melide. A Coruña**

Tel.: 981 506 228

O II Encontro de Bolillos celebrárase o 8 de outubro



Máis de 260 palilleiras xuntáronse no encontro do ano pasado

Coa mente e as expectativas postas na exitosa primeira edición do Encontro de Encaixe de Bolillos e Labores Artesanais de Melide, as palilleiras da Asociación de Mulleres Catasol ultiman os preparativos para celebrar o segundo certame. A cita será o día 8 de outubro -sábado-, no Pazo de Congressos melidense.

Mariví Rodríguez, unha das organizadoras, afirma que agardan superar a cifra de asistentes da pasada edición, á que asistiran máis de 260 par-

ticipantes. "Agardamos que veña máis xente porque tamén promocionamos o encontro en máis sitios", indica Rodríguez. O prazo de inscrición finaliza o próximo 26 de setembro. Os interesados poden inscribirse a través dos teléfonos 699117830, 981505055 e 610878277 e no email bolillosmelide@gmail.com

Como na anterior edición, haberá demostración en vivo, sorteo de regalos entre os participantes e postos especializados en labores artesanais.

Medio Rural destina fondos para rematar a parcelaria de Maceda-Orois

O Concello de Melide informou recentemente que a Consellería de Medio Rural destinou uns 244.000 euros para rematar as obras de acondicionamento de entrada ás fincas da parcelaria das parroquias de Maceda e Orois. Deste xeito, indicaron ós veciños que deberán presentar un formulario no que especifiquen o número de fincas que é preciso facer entradas, rampas ou desfacer valados nas mesmas.

Segundo a alcaldesa melidense, Ánxeles Vázquez, "o remate da concentración parcelaria é moi necesario, xa que cada día que pasa sen acondicionar as fincas e sen facer entrega das mesmas, suón unha merma económica importante para os seus propietarios".

A esta partida, hai que sumar outra de 540.000 euros invertidos anteriormente.

FOTO-DENUNCIA

O semáforo da desesperación



Este semáforo, que se atopa na Ronda da Coruña á altura do cruce coa Avenida de Toques e Friol, ten cansos a todos os que transitan pola zona a diario. Dende que un pulsa o botón ata que o petatón se pon en verde poden pasar varios minutos e logo, o tempo para

cruzar é bastante xusto. Por iso, moitas persoas acostuman a cruzar a vía sen esperar a que abra o semáforo. Os encargados de velar pola seguridade vial deberían corrixir esta anomalía. Un remedio ben fácil para un problema que pode causar un desgusto.

O Miss Galicia Terceira Idade celebrárase o 2 de outubro



Imaxe de arquivo do certame Miss Galicia Terceira Idade

O Concello de Melide confirmou a recuperación do certame Miss e Míster Galicia Terceira Idade. O evento celebrárase o próximo 2 de outubro, domingo.

Segundo confirmou a concelleira de Igualdade e Benestar, María Jesús López Mourón, os participantes poderán optar a nove títulos. Sete correspóndense á categoría feminina:

miss Galicia, beleza, elegancia, fotoxenia, verán, simpatía e marchosa- e dous na de homes -míster guapo e simpatía-.

Dende o Concello destacan que é un festival "moi demandado polos veciños", que reunirá aos integrantes dos centros sociais de toda Galicia. O centro social de Melide escollerá os seus representantes o próximo 25 de setembro.

Homenaxe a Suso de Donicio no San Roque

O pasado 18 de agosto, en plenas festas do San Roque, a comisión de festas do ano 94, rendeu unha sentida homenaxe a Suso de Donicio, veciño de Melide que faleceu recentemente. Ricardo López e Rafael López entregaron un ramo de rosas aos fillos do colaborador, María del Pilar e Jesús, en agradecemento á súa colaboración coas distintas comisións de festas.

Suso de Donicio era un gran amante da música das bandas e foi, ano tras ano, guía dos percorridos das formacións fixeron polas rúas da vila.



Suso de Donicio foi un gran amante da música das bandas




Joyería Oro Ley

Taller propio






Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68



IMPRENTA

eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Problemas de financiación nos concellos ó non liquidar en prazo

Santiso, Sobrado e Toques non presentaron en tempo as contas do 2010

Tres dos catro concellos da comarca -Santiso, Sobrado e Toques- poderían ter problemas de financiación a curto prazo se se cumpre a advertencia do Ministerio de Economía de non facer a transferencia da participación nos tributos estatais a aqueles concellos que non presentaron a liquidación do presuposto de 2010 no prazo establecido. Deste xeito, o Goberno central quere dar cumprimento á Ley de Economía Sostenible.

O período para presentar as liquidacións remataba o 31 de xullo, data de fin da prórroga que concedeu o ministerio a

aqueles concellos que non presentaron as contas no primeiro prazo, que finalizou o pasado mes de marzo.

Dende o Concello de Santiso, confirman que aínda non presentaron a liquidación das contas do ano pasado. “Terémola preparada para este mes”, indica o alcalde, Fernando Suárez (PSOE). “Ato-pámonos con isto cando chegamos ó goberno, hai tres meses. Estaban as contas de parte do 2008 e do 2009 sen rematar”.

Santiso recibe uns 24.000 euros mensuais do Estado, un tercio dos seus ingresos por mes. “Supoñería moito problema non recibir esta partida, teremos que suspender varios pagos, incluso ós funcionarios”, advertiu Suárez. “Cremos que temos remanente, pero como están as contas sen terminar, non podemos gastar eses cartos”, puntualiza.

O Concello de Toques está

na mesma situación, coa diferenza de que xa ten presentadas as contas, aínda que fóra de prazo. A liquidación foi entregada o 2 de agosto, segundo confirmou o alcalde, Jorge Calvo (PP), dous días despois de rematar o período concedido por Economía.

“Por agora no recibimos ningunha noticia directa do ministerio, pero estamos a la espera de alguna notificación”, confirma Calvo. Se finalmente o Goberno estatal decide non facer o ingreso mensual, sería “un buen palo” para Toques, que quedaría sen unha partida de algo máis de 19.800 euros mensuais.

O Concello de Sobrado tamén está na ‘lista negra’ de municipios que non entregaron as contas en tempo. Non obstante, dende o consistorio non confirmaron este extremo nin facilitaron a cifra de ingresos estatais que percibe cada mensualmente.

A banda de Visantoña celebrou o XX día do socio



Postal do grupo de nenos da escola de música

O pasado 21 de agosto celebrouse a XX festa do socio da Banda de Música de Visantoña. O evento tivo lugar, como é tradición, no Pazo de Vilar de Ferreiros. Comezou coas actuacións musicais dos distintos grupos da escola musical ‘Eugenio Pazos Reyes’, dirixidos polas mestras Anita e Malena Pazos Pintor.

Ademais, actuaron o grupo de gaitas local ‘Fol da Chousa’, e os grupos de cámara de ex

alumnos da escola da banda de Visantoña. As actuacións foron moi aplaudidas, pero os asistentes botaron en falta a actuación da banda de música ao completo.


Cambio de directiva

Dende comezos de agosto, o novo presidente da asociación cultural Banda-Escola de Música de Visantoña, é Fernando Camino Carril, que substitúe a Susana Varela.

**ESTUDIO DE ARQUITECTURA
Y URBANISMO**

GONZALO NAVAZA MOSTEIRO
Arquitecto técnico

ANTONIO HERNANDO EZQUERRA
Arquitecto



Crtra. de Besexos, 1 - 2ºC
Tfno: 986582280 - 670562308
36590 - VILA DE CRUCES

Rúa Santiago, 11 - 1ºD
Tfno: 981508081
15810 - ARZÚA

LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIONES SIN LICENCIA

Se realizan expedientes de edificaciones sin licencia para obtener declaración municipal de incursión en SITUACIÓN LEGAL de fuera de ordenación total.

(Disposición transitoria tercera, Lei 2/2010)

FIN DE PLAZO: 20 de abril de 2012

Algunos de nuestros proyectos



O GDR da comarca validou varios proxectos pendentes de axudas

A agrupación aprobou seis proxectos para as subvencións do plan Leader

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandoe aprobou na última reunión da súa Xunta Directiva tres proxectos que optan ás axudas do programa Leader. En concreto, trátase do plan de modernización da Queixería Santos de Sobrado; a compra dun robot de muxido na explotación gandeira Barreiro Lo-

deiro de Arzúa e a compra dun vehículo adaptado para transportar persoas con mobilidade reducida polo Concello de Boimorto. Estes tres proxectos súmanse a outros tres aprobados nunha reunión da directiva celebrada en xuño.

Agora, co ditame do GDR favorable, e estando xa verificados os proxectos por Agader, os solicitantes agardan á resolución definitiva do expediente por parte da Xunta de Galicia.

O equipo técnico do GDR recalca que o prazo para cursar solicitudes de axudas está aberto ata se-

tembro do 2013. O grupo dispón dun total de 3,5 millóns de euros en axudas, con posibilidade de ampliarse.

Renovación directiva

Na reunión do pasado 1 de setembro produciuse a renovación da Xunta Directiva, na que volve a figurar como presidente Ovidio Leiva -en calidade de representante da Asociación A Braña- que xa ocupara o posto como representante do Concello de Santiso. O vicepresidente é o alcalde de Curtis, Javier Caínzos. Os cargos foron elixidos por unanimidade.

Toques ultima detalles para a apertura do albergue e a biblioteca



O Concello de Toques informou que está a traballar nos últimos detalles de cara a abrir o albergue e a biblioteca municipal, ubicada no Edificio Multiusos de Souto.

Segundo indicou o alcalde, Jorge Calvo (PP), estanse a levar a cabo as últimas inspeccións para dar a apertura oficial das instalacións. "Hace poucos días recibimos una ins-

pección de Turismo, de la Xunta", confirmou Calvo e asegurou que "como muy tarde, calculamos que las instalaciones estén abiertas en dos meses".

No caso da biblioteca, os traballos céntranse na acomodación dos fondos e na ampliación de estanterías, debido á recepción dunha nova donación nas últimas datas.

Sobrado celebrou a Festa da Troita coa degustación de máis de 300 quilos do manxar

Sobrado viviu con éxito a celebración da XII edición da Festa da Troita á Montañesa, durante a fin de semana do 20 e 21 de agosto.

Dende o Concello cifran en 3.500 as persoas que participaron nas actividades programadas nos dous días de celebración, sendo masiva a afluencia á degustación do codiciado peixe. Tanto é así, que se consumiron máis de 300 quilos preparados ó estilo montañesa, segundo a tradición sobradina.

O primeiro día estaba reservado unicamente para as actuacións musicais dos grupos Riff Raff e Def con Dos. Segundo indicaron fontes municipais, a asistencia foi menor



que o ano pasado, "porque o cartel da edición anterior, na que actuaron Los Suaves, tiña máis atractivo".

A xornada gastronómica

completouse coas actuacións do grupo de música tradicional galega A Maristela, Trópico de Grellos e a orquestra Fania Blanco Show.

Centos de persoas reuníronse na Festa do Río na Cornella



O tempo acompañou a unha das celebracións campestres máis populares de Santiso, a Festa do Río da Cornella. Na área recreativa da Ponte Arce-diago xuntáronse arredor da

mesa centos de persoas reunidas con familia e amigos. Non faltou a música tradicional e as típicas charangas. A festa prolongouse ata altas horas da madrugada.



Concello de Santiso

*deséxalles
Felices Festas*

FESTAS DA SANTA CRUZ

Santiso prepárase para dous días de celebracións nos que honrará á Santa Cruz e á Virxe das Dores

As festas teñen un presuposto de 16.000 euros, custeados na súa maior parte polos veciños

Nos últimos coletazos do verán, Santiso celebra unha das festas con máis sona do Concello. Os próximos días 14 e 15 de setembro honrará á Santa Cruz e á Virxe das Dores, respectivamente.

Os encargados de organizar as festas son un grupo de nove veciños: Pablo Sánchez, Luís Peón, Suso Mosquera, Marcos Sanda, Diego Torreira, Manolo Suárez, Luís Val, Manolo Agra e Augusto Diéguez.

A súa presenza na comisión non é fortuítia, xa que pertencen a cada unha das parroquias ou zonas do concello, co obxectivo de lograr unha maior organización do traballo



Membros da comisión de festas da Santa Cruz

e para a recadación das cotas.

Para este ano prepararon dúas xornadas de festa -o día 15 é festivo local no concello- que estarán amenizadas por algunhas das orquestras máis coñecidas no panorama galego, como son Sintonía de Vigo ou Galilea.

Para este ano, o presuposto

que manexan ascende a 16.000 euros. Contan coa axuda do Concello e da Deputación da Coruña, pero o que realmente supón o groso dos fondos son as aportacións dos veciños. Por iso, a comisión quere agradecer a axuda de toda a veciñanza e desexarlle unhas boas festas.

Festas da Santa Cruz

PONTE ARCEDIAGO

14 e 15 de setembro de 2011

SANTISO

14 Misa solemne á 1 na honra da Santa Cruz. Verán a cargo do Grupo OCEANO acompañado por:

BANDA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

As 10 da noite gran verbena con:

SINTONIA DE VIGO

OCEANO

15 Misa solemne á 1 na honra da Virxe das Dores. Sesión vermá coa Orquestra XENTE NOVA e a:

BANDA DE MUSICA DE ARZUA

As 10 da noite gran verbena a cargo de:

GALILEA

XENTE NOVA

ANGEL / SEORNE

DEPUTACIÓN DE CORUÑA

Bar A Ponte

Desbroces MARCOS

AUTOBUSES SANTISO, S.L.

ARCEDIAGO, B/N
15000 A CORUÑA

TLF: 981 51 77 76
649 46 04 44
650 11 82 45

CASA SUAREZ

COMERCIO RURAL GALEGO

Tfno.: 981 51 79 09

Ig. Agro do Chao - Arcediago -
15808 SANTISO (A Coruña)

Desbroces MARCOS

Traballos de desbroza e limpeza de terreiras.

Telefón: 076 288 687

BARAZOY - SANTISO (A Coruña)

EXPLOTACIONES FORESTALES

Ovidio Leiva Pereiro

Tfno.: 981 51 77 36 - móvil: 608 58 74 47

Belmil, s/n - SANTISO (A Coruña)

Casa Souto de Abajo

Te gusta Disfrutar?

Tfno / Fax: 981 51 77 35

M. 669 710 047 / 649 623 401

Arcediago - Santiso (A Coruña)

casasoutodeabajo.es

info@casasoutodeabajo.com

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322

981506188

info@asetem.com

Á MODA CON ASETEM-CCA > EL

Combinación casual en negro e gris



Sinónimo de elegancia por excelencia, o negro convértese outra tempada máis na cor predominante no vestuario masculino de inverno. Lévese combinado con tódalas posibilidades que ofrece a gama de grises, con azuis e incluso con marróns. Tamén se permite un toque de cor.

David Mato viste unha camisa gris con combinados en cuello e puños, pantalón vaquero e plumífero negro con raia diplomática e puños elásticos, todo de Q' Me Compro. Calza uns deportivos, en negro con punteira azulada de Calzados Broz. Foi peiteado por Toño Peluqueros.



Q' Me Compro. Suéter de algodón con cuello abotonado. Prezo: 34 euros. Camiseta básica con logo estampado en azul. Pantalón vaquero. Prezo: 44 euros.



Muxica Tenda Xoven. Cinturón artesanal de coiro con febiella metalizada. Prezo: 30,60 euros. Billeiteira en pel negra. Prezo: 28,50 euros. Pulseira ancha de coiro con corchetes. Prezo: 9,50 euros. Pulseira con aplicacións e peche metalizado. Prezo: 16,50 euros.



Calzados Broz. Zapato abotinado de pel, en cor negra. Prezo: 110 euros

À MODA CON ASETEM-CCA > ELA

Coreas cálidas para alegrar o outono

Á marxe dos tradicionais negros, grises, marróns e azuis oscuros, este outono veñen cores moi vivas, continuando coa tendencia do chamativo 'color block' que tanto se levou durante o pasado verán.

Sandra Lema leva camiseta asimétrica tricolor con leggings e

americana cor mostaza de Q' Me Compro. Os botíns son de pel marrón, con forro de pelo, de Calzados Broz; a xogo con brazaletes e bolso con pespuntos destacados e pendentes en cor mostaza de Muxica Tenda Xoven. O peiteado e maquillaxe son de Toño Peluqueros.



Q' Me Compro. Pantalón de pinzas en azul eléctrico. Prezo: 24 euros. Camiseta azul a raias con aplique de boneca en patchwork. Prezo: 20 euros.



Calzados Broz. Bota de pel vuelta en cor taupe. Prezo: 81 euros



Muxica Tenda Xoven. Foulard con estampado marrón en fondo blanco. Prezo: a partir de 12 euros. Mini-bolso en cor crema. Prezo: 12,90 euros. Pulseiras de coiro con apliques en metal e bólas de cores, feitas a man. Prezo: a partir de 14,50 euros.



Chega o San Caralampio, a última festa do verán

Nove hostaleiros da Zona dos Viños contestan ás preguntas de Cerne sobre a popular festa

Cuestionario:

1. Cantos anos leva con negocio na zona?
2. Que agarda do San Caralampio deste ano?
3. Que propostas ten para mellorar a Zona dos Viños?

Ramón, Godiva

1. "Fíxenme cargo do negocio hai sete anos".
2. "Que non sexa un "desfase" coma o ano pasado, e que a alegría da festa se comparta con respecto".
3. "Facer máis concursos de tapas e converter a zona en peatonal".

Jesús, O Mandil

1. "Meus pais levaban 31 anos co negocio e eu fíxenme cargo



A música das charangas anima a Zona dos Viños durante toda a xornada

hai 17 anos".

2. "Creo que mellorou un pouco con respecto a anos anteriores".
3. "Agardo que se manteña como zona de tomar viños e que non se convirta nunha zona de copas".

Ángeles, Bar Cepa

1. "Meus pais estiveron dende 1967 e eu dende o 93"
2. "Agardo que sexa coma o

ano pasado, quedamos moi contentos".

3. "Convertila nunha zona peatonal".

Carlos, Xaneiro

1. "Hai 34 anos que abriron meus pais. Dende o ano pasado, que fixemos reformas, estou eu á fronte".
2. "Espero que sexa unha festa tranquila e sen incidentes graves. O tempo vai influír moito"

3. "Gustárame que fora zona peatonal".

Óscar, O Lar

1. "Hai 11 anos que rexento este local"
2. "Agardo que sexa máis ou menos coma tódolos anos"
3. "Que se poida converter en zona peatonal".

Carlos, Cire

1. "Dende hai 5 anos"

2. "O tempo é algo fundamental. O ano pasado fixo un día moi bo e a festa estivo moi animada".

3. "Que se manteña o bo ambiente entre os profesionais da zona e que se convirta en peatonal".

Alberto, A Boa Viña

1. "Abrín este local o pasado mes de abril".
2. "Agardo que toda a clientela o pase moi ben e que sexa unha festa chea de alegría e armonía para todos".
3. "Boa caramaradería entre todos e que se faga peatonal".

Carlos, Liñares

1. "O próximo 26 de setembro faremos 60 anos nesta zona".
2. "Gustárame que fose máis tranquila, aínda que é unha boa festa".
3. "Instaurar a zona peatonal".

Conde, A Taberna de Morrigan

1. "Abrín en xuño deste ano".
2. "Espero que a xente o pase ben, pero que non sexa un 'desmadre'".
3. "Gústame moito a zona, pero preferiría que as rúas foran peatonais".




Praza da Herba, 10 - Zona dos Viños - MELIDE



Tfno.: 981 505 753 - Rúa Alberta da la Fuente, 6
15800 MELIDE (A Coruña)



Rúa Principal, 11 - 15800 MELIDE (A Coruña)



Almoxar: 981 907 762
Móviles: 652 819 732 - 654 532 987
Ronda de Entrevenidas, 74 - 15800 MELIDE (A Coruña)
Degustación e venda

- | | |
|----------------|----------------------|
| - Ribeiros | - Licor de herbas |
| - Menciás | - Crema de oruxo |
| - Godellos | - Crema de café |
| - Albariños | - Crema de ron |
| - Rioxas | - Licor de mandarina |
| - Xóvengas | - Licor de mazá |
| - Grangales | - Licor de plátano |
| - Embotellados | - Licor de mora |
| - Licor café | - Licor de bellota |



Tfno.: 981 50 70 05
Cantón de San Roque, 1

15800 MELIDE
(A Coruña)

Adega Manóil

Bar Tabares

Bar Esquina

Bar Godiva

Big Ben Irish Tavern

Bar Valerme

Bar Cepa

Bar Ciro

A boa Vioa

Bar Xaneiro

Adega O Lar

Peregrino

Pescado Manóil

Pescado Abel

Cafeteria Pubs

Cafeterias

Discentes

Comercios

Multicinas

SAN CARALAMPIO 2011

MELIDE 11 DE SETEMBRO

ALBORADAS:
 Gaiteiros: GRUPOS DO PAÍS.
 BANDA DO PETO (precisanse componentes).
 O CASTRO de Toques.

Charangas: CHIRINGHOTA.
 OS AMIGOS DE VISANTONA.
 AXE BATUCADA.
 TREBOEIROS DE MUIMENTA.
 GRUPO DE PERCUSIÓN 3 REDOBRES.

MISA
 CONCURSO DE BUXO ALBERTE LAFUENTE

TIRO A LATA CON ESCOPETA DE PAO
 PEMENTOS - PAN - CACHELOS - VIÑO
 MEXILONS - CARNEIRO... *ollo coa traca*

CONCERTO E ROMARÍA COA ORQUESTRA **DAS QUE HAI**

A NUSA FESTA E DE LUDIS: COLABORA COA COMISIÓN
 ¡NON TIRES CO VIÑO! Bébeo

A Nosa Festa

Espectáculos LA PERLA - Suso -
PIROTÉCNIA CALO
Tel: 981 50 28 11 - 081 50 76 11 - 431 10 94 92
 C/ Vares, 2 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Chiquitín

Frutas La Andaluza
Exportación de frutas en todo el mundo
 TEL: 981 50 10 80
 Camión de San Roque, 5 - 15800 MELIDE (A Coruña)



Bar LIÑARES

Bo viño, especialidade en comida caseira.

Tel: 981 50 51 84 • 15800 MELIDE (A Coruña)



BAR CEPA

ZONA DOS VIÑOS • Tfn.: 981 50 72 58
 Praza da Herba, 5 • 15.800 MELIDE (A Coruña)



Adega "O Lar"

Rúa San Pedro, 17 - 15800 MELIDE (A Coruña)

HOTEL Restaurante

Xaneiro

PX HX

Pensión Xaneiro, s.l. Hotel Xaneiro, s.l.
 Tel: 981 50 50 15 Tel: 981 50 61 40 - Fax: 981 50 71 99
 San Pedro, 22 - Melide Avda. de la Habana, 43 - Melide

HABITACIONES CON BAÑO Y TV • CALORIFICACIÓN • AIRE ACONDICIONADO
 SUITE • HAB. PARA MINUSVÁLIDOS • TELEFONO EN TODAS LAS HABITACIONES
 CINE • ACCESO A INTERNET WIFI DESDE LAS HABITACIONES

www.xaneiro.com hotelxaneiro@arrakis.es

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322
 981506188
info@asetem.com

O Cire loitará por manter a categoría cun novo adestrador



Parte do novo cadro de xogadores do Cire co adestrador, Santiago Martínez, á esquerda.

Recén comezada a tempada, o Cire de Melide afronta este ano na segunda rexional coa ilusión de poder manterse. Conta cun novo adestrador, Santiago Martínez, que agarda que os afeccionados arroupen ó clube nun dos seus grandes retos dos últimos anos. 'Santi' resposta ás preguntas de Cerne sobre os seus obxectivos á fronte do banquillo.

-Como comezou a nova tempada?

-Perdemos os primeiros partidos porque a pretempada foi un pouco atípica. Moitos xogadores traballan ou estiveron de vacacións e non fixemos case pretempada, e iso ímolo pagar nas primeiras xornadas.

-Como ve o novo cadro de xogadores?

-Houbo baixas de varios xogadores importantes, pero agora non podemos pensar nos que non están. Chegaron varios reforzos, entre eles Dio, un media punta que xogou no Sada e Carlos, un porteiro que xogou nos Once Caballeros. Estamos pendentes da incorporación de Santi, que xogou no Hércules, e que veu un par de días entrenar con nós e case seguro que fichará; e de Koe-man, que vén do Palas.

-Este ano contan con varias incorporacións da canteira

-Hai varios xuvenís que se incorporaron este ano porque non se vai facer equipo nesta categoría. Algúns xa xogaran

co primeiro equipo máis veces.

-Manter a categoría é o obxectivo para este ano

-Imos xogar para manernos e se podemos quedar máis arriba mellor. Temos que usar todas as nosas armas para manernos. Espero conseguilo, estou confiado neso. Sei que vai ser difícil porque esta tempada hai equipos moi fortes e os partidos van ser moi disputados. Temos que intentar facelo o mellor posible, con humildade e sabendo que somos un equipo recén ascendido que imos ter que pelexar por non descender.

-Ten unha longa traxectoria como adestrador

-Comecei entrenando os xuvenís do Hércules cando aínda era xogador. Logo, cando me retirei, adestrei o Hércules de modestos, despois o Once Caballeros, o Sigrás, o Torre da Coruña e regresei ao Hércules, que foi cando ascendeu a Segunda Rexional. Na última etapa adestreí o Once Caballeros nas categorías de modestos e cadetes.

-Que foi o que o levou a tomar a decisión de fichar polo Cire de Melide?

-Levaba moito tempo adestrando o Once Caballeros e tiña ganas dun cambio de aires. A directiva púxose en contacto comigo, dixerónme o que tiñan plantexado para o equipo e chegamos a un acordo. Polo de agora estou moi contento.



Carlos Mosteiro e María Gómez

O Cire renovou a súa directiva o pasado mes de xuño. Convo-cáronse eleccións pero non se presentou ningunha candidatura, polo que se decidiu formar unha directiva nova avalada pola maioría dos socios, integrada por persoas que xa formaban parte dela e con novas incorporacións.

Como presidente continúa Jesús Carlos Pampín. O vicepresidente é Antonio Varela, tesoureiro José Vilariño "Pucha", secretario Emilio Gómez e vogais José Costoya, Jesús Rodríguez, Ramón Abledo, Juan Segade, Julia Vázquez, María Gómez, Sara López, Xaquín Vizaino, Ricardo López, Carlos Mosteiro, José Manuel Varela, Miguel Sandá e Ino García.

Por primeira vez, o Cire conta con mulleres na súa xunta directiva. Unha delas, María Gómez, asegura que decidiu integrarse no cuble porque xa estaba moi ligada a el a través de amigos en común. Xunto co seu compañeiro, Carlos Mosteiro, agardan da nova tempada que o equipo sénior poida manterse na segunda rexional e que os equipos de categorías inferiores poidan lograr o ascenso.

Casa SANTOS

Queixos do país

Avenida de Lugo, 8.

santos@melide.net

MELIDE



Peluquería

EL ASEO



José Vilariño Casal

Jaime Enrique Vilariño Casal

Rúa San Pedro, 7
15800 MELIDE (A Coruña)

Móvil Pucha: 677 138 799
Móvil Enrique: 615 061 547



- Almorzos
- Menú do día
- Unha carta con pratos moi variados
- Habitacións
- Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE (A Coruña)
www.pousadachiquitin.es • info@pousadachiquitin.es



HOSPEDAJE - PARRILLADA
RESTAURANTE - BAR

Sony

Tfno./Fax: 981 505 473
www.restaurantesony.com
sony@restaurantesony.com

Ctra. de Santiago, s/n
15800 MELIDE
(A Coruña)



Peña Arcea, máis de 25 anos á caza da perdiz

Os integrantes do colectivo participan en campeonatos internacionais

Crían e adestran as súas propias camadas para destinalas á alta competición

Unidos pola súa afección á caza da perdiz, un grupo de melidenses decidiron constituír unha peña co obxectivo de acudir ás competicións que se celebraban por toda Galicia. Así naceu Peña Arcea, alá polo ano 1985.

Dende aquela, o grupo foi evolucionando, e agora mesmo conta cunha ducia de membros, encabezados polo presidente Antonio Mejuto 'O Ratiño'. Outros dos membros son Naco, Tarrío, Enrique 'Piñor', Jesús Vázquez, Segade, Mario, Miguel 'Picado I', Alberto 'Picado II' e Eduardo.

Como se intúe polo seu nome, a peña adícase á caza de aves, nomeadamente da perdiz e da arcea. Esta última é unha das aves migratorias por excelencia, que chega ós nosos montes procedente do centro e Norte de Europa cando comeza o outono. É coñecida como 'a raíña dos montes' porque se alimenta de noite e escóndese polo día, polo que é moi difícil de bater.

Competicións

En Peña Arcea viven a caza con auténtica paixón, o que fai



Varios membros de Peña Arcea exhiben os froitos dun produtivo día de caza

que dediquen moitas horas a prepararse para participar en competicións de alto nivel.

O grupo conta cun amplo palmarés, xa que entre os seus membros hai campeóns de arceas provinciais e de ámbito galego, ademais de campeóns e subcampeóns do prestixioso torneo San Huberto nas convocatorias galegas, nacional e internacional. Hai un par de anos acadaron o primeiro posto no campeonato celebrado en Portugal.

Este mesmo ano, varios membros do grupo -Naco e Tarrío- volveron a participar no campeonato galego de San Huberto. As xornadas de competición disputáronse dende o mes de abril ata o 14 de agosto, día da final, na que as adversas condicións meteorolóxicas xogaron en contra dos cazadores melidenses, que non conseguiron subir ao podio.

Á marxe destas competicións, o colectivo fai o seu propio San Huberto. Este ano o gañador foi Tarrío, que recibiu como trofeo unha escopeta ta-



Tarrío e Naco adestrando ós seus cans



Membros de Peña Arcea despois dunha xornada de caza

llada en pedra.

Adestramento de cans

Un dos puntos clave nos éxitos de Peña Arcea son os cans. Os seus fieis compañeiros son descendentes de campeóns do mundo, nas razas setter inglés e pointer. Téñenos no seu propio criadeiro -avalado polo afixo 'O Muíño', no que tamén crían setter gordon.

Agora mesmo contan cunha camada de setter inglés de "características excelentes", da que agardan que chegue a obter títulos o próximo ano. E tamén están á espera doutra de pointers descendentes dunha cadela que é filla e neta de campeóns do mundo varios anos consecutivos.

En Peña Arcea poñen moito empeño no adestramento dos cans. Cando os cachorros cumpren sete meses, fanlle unhas probas para saber cáles son os máis avanzados de cada camada. A partir de aí comeza o proceso de adestramento no couto, que dura ata que o can ten uns dous anos, durante catro días á semana como mínimo. O principal é que os cans acaden velocidade na busca, ventos e unha parada bonita e eficaz. Un traballo moi laborioso que, a cambio, lles reporta resultados moi positivos, porque "son cans preparados para a alta competición".

Expectativas da tempada

Dende Peña Arcea agardan que a tempada de caza menor, que comezará o próximo mes de outubro, sexa "positiva". Aseguran que obtiveron resultados "regulares" na última.

A falta dun mes para o comezo, están ultimando detalles. No mes de agosto, xa fixeron a solta de 500 perdices no couto.






**Camas
Comidas**

**PARRILADA
EL MOLINO**

Habitaciónes con:
Calefacción
Televisión
Baño

Rosalla de Castro, 15. Telf.: 981 50 60 48 MELIDE (A Coruña)



Especialidad en:
**Empanadas y
Dulces variados.**

Tfnos.: 981 50 53 82
600 69 38 27
607 11 55 32

C/. San Antonio, 21
15800 MELIDE (A Coruña)

Novo éxito do encontro de xeracións organizado polo colectivo Charamela

A asociación organiza un ciclo de teatro en setembro e outubro

“Foi todo un éxito, estamos moi contentos”. Así se expresa Mary Gómez Neira, presidenta da Asociación Cultural Charamela de Melide, ao valorar o II Encontro Interxeracional celebrado na vila o pasado 14 de agosto. Houbo moita afluencia de público en tódalas actividades, destacando a participación no obradoiro de cociña e as visitas á mostra de artesanía ó longo da xornada.

Ó concurso ‘Ti si que vales’ presentáronse numerosos candidatos que demostraron a súa valía, sobre todo no mundo da canción, a pesar de que a chuva desluciu o acto. O mal tempo fixo que se suspen-



A mostra de artesanía recibiu a visita de dúcias de persoas

dera a representación teatral, que se puxo en escea o día 18, cun gran éxito de convocatoria.

Os premios do concurso de relatos foron para Noelia Pena e María Carmuega Rivas na categoría de adultos e en María Gómez López e Marta Prado Mariño na infantil.

Ciclo de teatro aficionado
Dando continuidade ás súas

propostas no ámbito teatral, dende Charamela poñerán en marcha un ciclo de teatro aficionado, que se celebrará nas fins de semana de setembro e outubro. En concreto, o grupo melidense poñerá en escea a obra ‘Pola nosa culpa’ o próximo 24 de setembro. O grupo de teatro de Antas de Ulla actuará o 1 de outubro e o de Vísantona (Santiso) o día 8.

A Boa Viña e o pub Q+ inician o outono con novas festas



Alberto Buján no seu bar da Zona dos Viños

Dous dos locais de referencia na marcha de Melide, A Boa Viña e o pub Q+, inician a nova tempada de outono con varias festas.

A primeira delas celebrarase o sábado 24 de setembro. Será a festa Gin Tonic e Beefeter 24, na que tamén haberá cócteles. Para elo, Alberto Buján -propietario dos dous locais- contará coa presenza do campeón galego na modalidade de barman acrobático.

A festa comezará a partir das 22.30 na Boa Viña (Zona dos viños) e terá continuidade no pub Q+. Tamén celebrará a primeira festa Nitróxena, na que se presentará unha máquina enfriadora de gin tonic.

Alberto Buján está moi satisfeito coa acollida que tiveron as distintas festas que programou para as fins de semana dos meses de verán e agarda que os resultados sigan sendo exitosos no futuro.

AXENDA SETEMBRO

-venres 9: actuación de Patricia Moon, ás 23.30 horas na Sala Fundación (Melide).

-venres 16: circuío urbano do III Rali de Galicia de Históricos ‘Terra de Melide-Camiño de Santiago’. A partir das 20.40 no casco urbano de Melide. Exposición dos coches participantes no Cantón de San Roque.

-sábado 17: III Rali de Galicia de Históricos ‘Terra de Melide-Camiño de Santiago’. Tramos polos concellos de Melide, Santiso, Sobrado, Toques, Palas de Rei e Agolada.

-sábado 24: o grupo de teatro Charamela pon en escea a obra ‘Pola nosa culpa’. No pavillón do IES de Melide, ás 21.30 horas.

-venres 30: actuación dos grupos de punk-rock asturianos Dr. Babayo e Adición Etílika. No Pub Gatos, a partir da 01.00 horas.

-sábado 1: o grupo de teatro de Antas de Ulla pon en escea a obra ‘O xuízo’. No pavillón do IES de Melide, ás 21.30 horas.

-sábado 8 de outubro: II Encontro de Bolillos e Labores Artesanais. Demostración en vivo, venda de material, sorteos... Pazo de Congressos de Melide.



Emilia Pardo Bazán, 10
15800 MELIDE (A Coruña)

**OS LOCAIS
DE MODA
NA MOVIDA
DE MELIDE**



ZONA DOS VIÑOS
Praza da Herba, 10 - MELIDE



RESTAURANTE



Rúa do Convento, 7
15800 - MELIDE

TEL: 981505326
restaurantecasaquinzan@gmail.com



ALOHA
Melide

**A túa
discoteca
no interior
de Galicia**



GRUPO KULL

**DISCOTECA
Kull**
Pontecarreira

**DISCOTECA
NICOL'S**
A Estrada

**ALOHA
DISCO**
Touro

Pub LUX
Pontecarreira

Botellón. Unha experiencia ambivalenteSantiago Prado Conde (Chago),
antropólogo

Hoxe en día chámasele botellón ao que en tempos atrás non tiña unha denominación específica porque, aínda que xa se realizaba, non tiña excesiva transcendencia pública porque non existía a percepción de molestia cara ós veciños, quizais porque se realizaba en lugares apartados das vivendas ou porque non se utilizaban coches armados cuns 'bafles' quen de emitir un volume de música insoportable.

O botellón significa moito máis que única e exclusivamente consumir alcohol ou outra serie de substancias. Ten a súa atracción como tempo de sociabilidade entre os máis novos e tamén sobre moitos adultos. Podemos miralo como un tempo que se sitúa alén do tempo real. Converteuse nunha experiencia simbólica porque non se trata unicamente de gozar dun tempo ou dun espazo, senón que é preciso estar, facerse ver e compartir a propia presenza.

É unha experiencia de lecer diferente e tanto causa atracción como temor a aqueles que

non participan dela. Unha experiencia ambivalente na que se xuntan aqueles que gozan con aqueloutros que xeran molestia. Cando atopas a un grupo de cinco, seis ou dez mozos e mozas nunha praza facendo botellón non supón ningún tipo de alarma como gozan do seu lecer.

O problema é aqueles poucos que poñen unha música que nin os seus propios oídos son quen de tolerar, que se dedican a acabar co mobiliario público e agreden aos que viven o lecer da noite descansando. Durmir e non poder porque sentes que un murmurio acelera o teu cerebro a través dun cosquilleo nada comfortable; erguerse pola mañá e ter que limpar cristais co fin de que o cativo non se corte ou as rodas do vehículo sufran males irreparables; ter que limpar tamén as paredes da casa porque a alguén se lle ocorreu utilizar a parede ou o muro como barra ou como lugar ao que disparar todo tipo de obxectos cheirantes... En definitiva, ter que perder o tempo do domingo, o de lecer,

ou de calquera outro día porque hai alguén que sente ter superpoderes e quere decidir se tes dereito a ir a pasear co teu fillo ou se debes quedar na casa limpando aquilo que non planificaches.

É xogar aos dados pensando ser deus e que sempre tocará aquilo que desexas. Non ser quen de ter conciencia de adulto e así adquirir responsabilidades cara un mesmo e cara os demais.

A concepción da xuventude mudou e atopámonos ante un modelo híbrido entre a dependencia económica coa consecuente falta de espazos de responsabilidade e unha crecente infantilización social, pode que derivada da realidade virtual na que moitos viven como consecuencia do mal uso das novas tecnoloxías.

Que non se engane a xuventude, teñen o mundo ao seu alcance, pero todo apunta a que moitos non son amos dos seus destinos, porque a virtualidade na que habitan impídelle discernir entre realidade e paraísos artificiais.

XMx: lección maxistral de respecto e organización

Xosé Núñez López

As Xornadas Mundiais das Xuventudes Católicas (XMx), celebradas en Madrid do 18 ao 21 de agosto, presididas polo Papa Benedicto XVI, foron toda unha colosal demostración de adhesión total e incondicional da xuventude católica ó Santo Pai, e un excelente exemplo de respecto e educación cara ós crentes, ou para con os doutras relixións.

Impresionante e enormemente emotivo resultou o Vía Crucis nas rúas da capital de España, maxistralmente organizado, ata o extremo de que cada grupo de mozos peregrinos das distintas razas, cores e linguas, realizando os seus relevos en cada estación, de maneira automática, sen nin sequera necesidade de indicacións dos organizadores, dando a impresión de que o sabían todo de memoria, igual que o Padre Nuestro.

Exquisita a organización

dun inmenso evento, conseguida pola colaboración de responsabilidade e respecto cara ó próximo e o alleo de dous millóns de mozos que nin sequera tiraban papeis ó chan, agás cando se viron obrigados pola falta de papeleiras ou contedores suficientes.

Sería moi positivo que os políticos, que din gobernarnos, tomaran boa nota de semellante organización e respecto cara ós que non pensan coma eles, principalmente no político e relixioso, practicando esa educación e sabiduría de comportamento, cumprindo honradamente e de maneira tan escrupulosa o mandato para o que foron elixidos, por cuxo cometido lles estamos pagando os cidadáns, incluídos os non conformes coas súas ideas políticas e os seus adoutrinamentos partidarios cento por cento.

Seguridade no softwareRafael Rodríguez Gaioso,
enxeñeiro informático e Presidente de Melisa

Damos comezo a unha serie de artigos nos que iremos expoñendo os diferentes motivos que poden axudar a entender o porqué de usar software libre nas nosas empresas.

1. Seguridade

Cando utilizamos unha aplicación informática, e creamos información con ela, debemos poñer a nosa atención en protexer eses datos. Si facemos uso de aplicacións que non teñen aberto o seu código, non temos a certeza de que o seu funcionamento non pon en risco os nosos datos. Fagámonos a seguinte pregunta: ¿a ausencia de informes de erro sobre o código do iPhone ou de Windows, significa que estes produtos son máis seguros? Claro que non, máis ben todo o contrario. Ocorre que as empresas propietarias deses produtos, pechan o acceso ao seu código fonte para evitar que os competidores fagan uso do mesmo. Pero desa maneira tamén impiden que centos, ou miles, de programadores poidan revisar e corrixir os posibles erros que haberá nese código. No caso do software libre, cando se detectan erros no código, son re-

parados en cuestión de horas, porque, segundo a lei "Linus": "Ante suficientes ollos, tódolos erros son superficiais".

O software libre medra día a día facendo uso de pezas xa creadas anteriormente. É dicir, cando un programador ten que desenvolver unha aplicación complexa, e precisa dun módulo para realizar unha determinada función, pode reutilizar aquel código que xa está probado e ten a certeza de que non contén erros. Do que se trata é de non inventar a roda unha vez tras outra, como ocorre cando pechamos o noso código.

Actualmente, tódolos empregados fan uso dun navegador web para acceder aos contidos de Internet. Se facemos uso de aplicacións privativas, estamos máis expostos aos riscos que leva o acceso a páxinas web que poden ter código malicioso. Para evitar isto, debemos facer uso de navegadores con código aberto, xa que contan con máis proteccións para evitar os ataques dende esas páxinas web externas.

<http://webmelisa.es>

A crise nos nosos ríos (I)Xavier Pazo Blanco, presidente da
Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

A día de hoxe a inmensa maioría dos cidadáns coñece e sofre os efectos destrutivos da xa mediática crise, a cal afecta a Europa como un violento vendaval, converténdose en España nun devastador tornado que a todos nos envolve, causando danos posiblemente irreparables.

Ninguén con sentido común nin en soños auguraba que 30 anos de democracia e os distintos gobernos conducirían ao pobo a tan calamitosa situación. As razóns que me inducen a expresarme nestos termos son tan variopintas e abrumadoras, que enchen de angustia ao home da rúa. Paro, pandemias, leis carentes de xusticia, son o pan noso de cada día. Paralelo a todo isto, os galegos estamos asistindo a un proceso silencioso de degradación relacionado coa nosa riqueza natural que negativamente tamén se suma á multidimensional crise. "Galicia os embalses e os seus peixes".

O principio deste deterioro, ao que veño referíndome, ten a súa orixe nos case mil embalses construídos a partir de mediados do século XX (anos 1945) de forma fraudulenta, ao carecer éstes das escalas de salmónidos correspondentes: Belle, Frieira, Castrelo de Miño ou Portodemouros, (Arzúa), que foi proxectado polo enxeñeiro de camiños Javier Moreno Lacasa.

No 1960, falábase de lle conceder á entidade Fenosa o proxecto hidroeléctrico do Miño. Afectaba isto a varios municipios: Ourense, Castrelo de Miño, Ribadavia, San Estevo, Monte Fursido e San Martiño de Sil. Formábase o mapa que produciría (e produce) millóns de kilovatios, dos que un 60% vaise para fóra das nosas fronteiras, sin contribuír ao desenvolvemento de Galicia, coa paradoxa todavía existente, de persoas, granxas con moi mal servizo a pé destas xigantescas centrais, pagando os españois o recibo de luz máis alto

de Europa na actualidade... ¡Un pedazo de historia, que é patrimonio da nosa memoria colectiva!

A citada empresa (Fenosa) ofrecía, colonizando os nosos ríos e explotando os nosos recursos naturais, a esta terra de emigrantes e de morriña, a oportunidade de abandonar as velas e o candil que dende moitos anos formaban parte do sistema cotiá de vida e do cancionero popular, sobre todo no medio rural.

Un relativo abano de modernidade e riqueza abríase ante os ollos de cidadáns, pobos e empresas. Ninguén se imaxinaba nembergantes, que as xigantescas barreiras de formigón que cortaban os nosos ríos, carentes dos elementos necesarios para o normal desenvolvemento da vida piscícola, deixarían a Galicia, sen o seu tesouro dun incalculable valor: A pesca continental camiñaba cara a súa desaparición.

SABELA SANTÍN AMO, PERRUQUERÍA SANTÍN&AMO

“Prefiro ter menos clientes e darlle unha atención máis personalizada”

Despois de dez anos de experiencia en Santiago, Sabela Santín Amo decidiu vir para Melide para “seguir medrando profesionalmente”. En xuño de 2008 montou un salón que ofrece as últimas novidades en tendencias e tratamentos en perruquería, estética e solarium. “Quería montar algo dis-

tinto a todo o que había naquel momento en Melide. Daquela era o máis moderno”. Atende a xente da vila, de localidades da redonda e incluso a clientes que xa tiña en Santiago. Sabela ten claro que estar ao día das últimas novidades é unha das principais claves do éxito da súa perruquería.

-Dende moi nova tivo claro que a perruquería era o seu

-Comecei con 16 anos cando aínda ía ó instituto, no salón de beleza Lola. A perruquería é un mundo moi interesante e creativo, o meu sempre foi vocacional.

-Despois de probar decidi formarse

-Si, estudiei en Santiago e xa me quedei alí a traballar. En total estiven dez anos e traballei en distintos salóns, na Televisión de Galicia e o meu último traballo nesta cidade foi como profesora de perruquería na escola Rizos.

-Que foi o que a empuxou a montar o seu propio negocio en Melide?

-Estaba moi ben na miña última etapa, pero dando clases un estabilízase e os que realmente traballan son os alumnos. Eu non quería perder a miña experiencia profesional e estancarme. Entón dixeron “ou agora ou nunca”, e como o pobo tira moito, aquí estou e moi feliz.

-Como valora a evolución da súa perruquería?

-Levo algo máis de tres anos, abrí en xuño do 2008. A evolución foi moi positiva, aínda que agora estamos pasando por unha crise que afecta a todos os negocios, porque isto é unha cadea.

-Inflúelle moito a crise?

-Este ano nótase máis, o tempo no verán tampouco axudou, pero nunca choveu que non escampara. Nótase que hai menos vodas e que a xente casa máis polo civil e non se arregla tanto. Agora vense á perruquería menos veces ca antes da crise.



Sabela Santín Amo na súa perruquería, no Cantón de San Roque, 9-entrechán

-Que tratamentos ofrece?

-Na perruquería ofrecemos os traballos técnicos: cor, mechas, moldeados, cortes, ademais das últimas novidades en alisado xaponés, tratamento alisador de keratina, extensións, biocauterización e tamén venda e mantemento de perrucas... No apartado de estética fago limpeza de cutis, depilacións con cera e con láser e manicuras -a última novidade é o esmaltado permanente, que dura tres semanas-. Tamén teño solarium vertical.

-Ten un perfil concreto de cliente?

-Predomina a xente nova, porque é un local con escaleiras e non todo o mundo as pode subir. Veñen case por igual homes e mulleres.

-Procura estar á última nas novidades que van saíndo no sector

-Na perruquería teste que renovar moito. Sempre vou a cursos en Madrid e Barcelona, para as tempadas primavera-verán e outono-inverno. É importante estar actualizado, porque tamén é un atractivo para os clientes, que valoran que lles ofrezas algo novo.

-Que tendencias se levan na tempada que comeza?

-Non hai termos medios, lévanse dende os cortes asimétricos, flequillos rectos, desfilados... En canto ós peiteados, dende o liso táboa, marcado ata as puntas disparadas. Os recollidos de festa veñen moi informais, despeinados. Son recollidos moi ligths, moi naturais e volátiles, con deta-

lles nas formas e nos volumes.

-Os seus clientes déixanse influír polos peiteados que se ven na televisión ou nas revistas?

-Moita xente pide os cortes e peiteados que ve ós famosos, que realmente son os que marcan tendencia. O meu traballo é adaptalos á súa cara e ó efecto que desexen conseguir.

-No seu negocio a atención é totalmente personalizada

-Eu céntrome en cada cliente. Por exemplo, cunha noiva, estou con ela dende que entra ata que sae pola porta e esa atención hai que valorala. Prefiro atender menos clientes, darlle unha atención personalizada e que queden contentos, a atender moita máis xente.

“Vou a cursos a Madrid e a Barcelona para estar actualizada en novidades e tendencias”

“Hai negocio para todos. A competencia é boa porque nos obriga a mellorar”

-En Melide hai moitas perruquerías, nótase a competencia?

-Está comprobado que hai negocio para todos. A competencia é boa, porque nos obriga a mellorar, a non estancarnos. Logo, cada un trata de diferenciarse coa súa profesionalidade e experiencia.

-Que proxectos ten a curto prazo para o seu negocio?

-Voume cambiar de local a comezos de outubro. A nova ubicación será no Cantón de San Roque, 38-40 -enfrente á Capela de San Roque- un pouco máis abaixo de onde estou agora. Estou encantada no local actual, pero ten escaleiras e é unha dificultade para a xente maior ou para unha persoa que veña cun carriño de bebé. O novo ten ascensor.

PALLADIUM
WEEK-ENDS

STRIP TEASES
GO-GOS
DRAG-QUEENS

Laicus
Violet Sensations
pub

pub
ZEROX
melide

1200 m SALA

PALLADIUM
DISCOTECA palladium
melide

DJS
RESIDENTES
120.000W

RESERVADO EL DERECHO DE ADMISION